

Engadir actividades ou recursos

Unha vez que temos o noso curso creado na aula virtual do noso centro educativo, chega o momento de engadirlle contidos. A continuación explicaranse dun xeito resumido os seguintes recursos a engadir:

- Etiqueta
- Cartafol
- URL
- Páxina
- Foros
- Tarefas

Para engadir estes elementos o primeiro que debemos facer e activar o modo edición do noso curso.

The screenshot shows the Moodle course interface. At the top, the course title is 'P2002050 - Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes'. Below the title, there is a breadcrumb trail: 'Panel de control > Os meus cursos > ferramentas'. In the top right corner, there is a button labeled 'Activar a edición', which is highlighted by a red arrow. The left sidebar contains a calendar for October 2020 and a section titled 'CLAVE DE ACTIVIDADES' with links to 'Agochar actividades globais', 'Agochar actividades de curso', 'Agochar actividades do grupo', and 'Agochar actividades do...'. The main content area shows a list of resources including 'Foro de novas', 'Foro de dúbidas', and 'Directrices para o exercicio do teletraballo do profesorado galego'. The right sidebar, titled 'NAVEGACIÓN', contains a 'Panel de control' section with links to 'Inicio do sitio', 'Páxinas do sitio', and 'Os meus cursos', followed by a 'ferramentas' section with links to 'Participantes', 'Insignias', 'Competencias', 'Cualificacións', 'Xeral', 'Semana 1', 'Semana 2', 'Semana 3', 'VIDEOCONFERENCIA', and 'S'.

Unha vez dentro do modo edición debemos pulsar o botón “Engadir unha actividade ou un

recurso” para seleccionar os elementos que desexemos engadir ao noso curso da aula virtual.

av

Diego López López

P2002050 - Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes

Panel de control ▶ Os meus cursos ▶ ferramentas

Desactivar a edición

CALENDARIO

Outubro 2020

dom	lun	mar	mér	xov	ven	sáb
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

CLAVE DE ACTIVIDADES

- Agochar actividades globais
- Agochar actividades de curso
- Agochar actividades do grupo
- Agochar actividades do usuario

NAVEGACIÓN

Panel de control

- Inicio do sitio
- Páxinas do sitio
- Os meus cursos
 - ferramentas
 - Participantes
 - Insignias
 - Competencias
 - Cualificacións
 - Xeral
 - Semana 1
 - Semana 2
 - Semana 3
 - VIDEOCONFERENCIAS
 - ABALARMÓBIL
 - AULA VIRTUAL.
 - MOODLE

Foro de novas Editar

Foro de dúbidas Editar

Directrices para o exercicio do teletraballo do profesorado galego Editar

Documento elaborado polo CAFI que recolle algunhas pautas e recursos para o teletraballo do profesorado galego. Trátase dunha guía sinxela que responde ás seguintes preguntas: Como podo levar a cabo o ensino a distancia? De que ferramentas dispoño? E, por último, onde podo atopar axuda?

Correo enviado ás direccións dos centros Editar

Agachar para os alumnos

+ Engadir unha actividade ou un recurso

Modificar un recurso

Para modificar un recurso ou actividade creado con anterioridade debemos activar o modo edición e seleccionar “Editar a configuración”

Semana 1 Editar

Presentación

Foro de presentación de participantes e pequena enquisa Editar

Entra no enlace do foro e preme sobre o botón **Engadir novo** título ao tema e na caixa da mensaxe menciona en que colexio especialidade. Sería importante que comentases:


- que formación e/ou experiencia téas en ensino virtual,
- como te manexas con Webex e Moodle,
- que esperas aprender neste curso.

Para rematar, preme sobre o botón **Comentar no foro**.

Editar a configuración


- Mover cara á dereita
- Agachar
- Duplicado
- Asignar roles
- Eliminar

Unha vez rematada a modificación debemos “Gardar os cambios”.



O editor de texto de Moodle

É similar a calquera outro procesador de textos e permite engadir imaxes, vídeo, enlaces...O editor aparece reducido por defecto. Para poder ver a versión expandida debemos premer na primeira icona.




Engadir un ficheiro

Para engadir un ficheiro no curso, haberá que seguir os seguintes pasos:

1. Activar o modo edición
2. No tema que se desexe, pulsar sobre o enlace "Engadir unha actividade ou un recurso"
3. Buscar o recurso "Ficheiro" no menú da esquerda e ler a descrición

4. Engadir o recurso.




Existen varias opcións de configuración que podemos modificar, como en case tódolos recursos. Aquelas obrigatorias aparecerán cun asterisco (*).


Engadir etiquetas

A etiqueta é un recurso moi versátil que axuda a estruturar o curso, pode usarse para engadir tanto texto como imaxes e tamén pode engadirse código, vídeos, mapas, presentacións...

É un recurso que se se emprega con pericia pode mellorar de xeito notable o aspecto visual do curso.



As etiquetas engádense de xeito análogo aos ficheiros




Para crear etiquetas empregamos o editor de texto. Como xa vimos con anterioridade, a través do editor de texto é posible engadir diferentes elementos ás etiquetas como imaxes, enlaces, vídeos, inserir presentacións, mapas...

Engadir un cartafol

Pódese engadir un cartafol á aula virtual para xuntar varios ficheiros nun só espazo. Este recurso é axeitado se queremos reducir o espazo que ocupan os documentos na pantalla do curso e pode empregarse para mellorar a organización do noso espazo virtual.

Un cartafol é un recurso que se engade de xeito similar aos xa presentados con anterioridade.




Podemos configurar varios aspectos unha vez que engadimos un cartafol. No recadro ficheiro podemos arrastrar os documento que queremos gardar no cartafol. Se desexamos que os alumnos se descarguen os ficheiros contidos no cartafol, podemos habilitar a opción “Amosar o botón para a descarga do cartafol”.

Engadir un URL

Este recurso permítenos engadir un enlace con calquera páxina web externa ou pertencente á propia aulavirtual. Este recurso é útil para que os alumnos visiten de forma directa unha páxina web sen a necesidade de que teñan que escribir a dirección no navegador web.

O recurso URL engádese á aula virtual do mesmo xeito que os recursos presentados con anterioridade.



Os parámetros máis destacados a ter en conta son:

- URL externo = Neste campo escribimos a dirección da páxina web coa que queremos enlazar.


Na opción aparencia podemos seleccionar diferentes xeitos de como queremos que se presente a páxina:

- Automático - Seleccionase de forma automática a mellor opción para presentar o URL.
- Incrustado - Preséntase o URL dentro da páxina baixo a barra de navegación xunto coa descrición do URL e calquera outro bloque.
- Abrir - Só se presenta o URL na xanela do navegador.
- En xanela emerxente - Preséntase o URL dentro dunha nova xanela do navegador sen menús nin unha barra de enderezos.

Engadir unha páxina

Este recurso permítenos crear unha páxina web na que podemos incluír gran variedade de elementos como texto, imaxes, ligazóns, vídeos... Isto fai que sexa un recurso de gran versatilidade. Para engadir estes elementos empregaremos o procesador de texto que xa comentamos ao inicio deste documento.

O recurso páxina engádese á aula virtual do mesmo xeito que os recursos presentados con anterioridade.




Entre as opcións de configuración máis destacables podemos empregar a opción "Presentar a descripción na páxina do curso" para que os alumnos teñan dun modo resumido a información da páxina dende o lugar de acceso á mesma.

O contido da páxina, opción sinalada cun asterisco é o lugar onde debemos mostrar o contido da nosa páxina web segundo desexemos, aquí é onde podemos engadir imaxe, texto, vídeos, ligazóns,...


Engadir Foros

Os foros son un tipo de actividade que serve para comunicarnos na aula virtual. Un foro pode empregarse como taboleiro para anunciar as novas, para iso existe o “Foro de novas” ou para crear conversas entre diferentes grupos, entre alumnos e mestres, ou entres os propios alumnos, sen a intervención do profesorado.

A actividade foro engádese á aula virtual do mesmo xeito que os recursos presentados con anterioridade.



Existen diferentes tipos de foros que podemos empregar indistintamente segundo as nosas necesidades. Para ver as diferenzas entre os diferentes foros podemos premer o símbolo do “?”. Este símbolo amplíanos a información dos elementos que desexemos coñecer en máis profundidade.



Existen outro moitos elementos de configuración para os foros entre os que destaca a posibilidade de cualificar as intervencións, isto dependerá da configuración do foro, ou subscribirse a un foro concreto para recibir un correo electrónico con cada intervención nova.


Engadir tarefas

A tarefa é un tipo de actividade que serve para plantexar un tipo de traballo e recoller un resultado. O mestre plantexa unha tarefa a realizar e o alumnado deberá enviar unha solución a dita tarefa a través da plataforma.

O alumnado poderá responder en liña, directamente no editor de texto, ou subir un documento en multitude de formatos que dea resposta ao requerimento feito polo profesor. A documentación aportada polo alumnado almacenarase de forma automática na aula virtual. O profesor poderá engadir un comentario á entrega que chegará de forma individual a cada alumno e, tamén pode engadir comentarios mediante un editor a certos tipos de documentos.

O tipo de actividade “tarefa” adoita utilizarse de maneira que o alumnado debe dar unha resposta a unha actividade, mais tamén pode empregarse doutro xeito diferente. Ao establecer unha tarefa o alumnado ten coñecemento do enunciado, a data de finalización e, despois, pode cualificarse de xeito individualizado e proporcionando un feedback a entrega.

A actividade “tarefa” engádese do mesmo xeito que o resto de tarefas xa vistas no presente documento.



A tarefa ten multitude de opcións de configuración que podemos investigar polo miúdo se así o desexamo. Estas son algunhas das máis importantes:

- Data límite. Indica a data de finalización da tarefa. Calquera entrega fora de prazo sinalarase na aula virtual como atrasada e visualizarase en cor vermella. As entregas en tempo e forma visualizaranse en cor verde.
- Tipos de entrega -> Entrega de ficheiros. Os alumnos teñen que achegar algún ficheiro na entrega.
- Tipos de entrega -> Texto en liña. Os alumnos debe escribir algo no editor de texto.
- Cualificación -> Puntuación máxima. Esta nota móstrase sobre 100 por defecto polo que sería recomendable cambiala a 10, deste xeito o exercicio putuarase de 0 a 10.